

Balance Plan de Acción Software Libre 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Balance Plan de Acción Software Libre

O plan de Software Libre recolle os compromisos, obxectivos e actividades promovidas dende a administración pública en colaboración cos axentes galegos do Software Libre para a difusión e o fomento do uso de Software Libre en Galicia en tres ámbitos principais de actuación: **ciudadanía, empresas e a propia administración pública.**

A **Oficina de Software Libre da Xunta de Galicia**, encadrada na Área de Sociedade Dixital da AMTEGA, é a encargada de canalizar todas as accións recollidas neste plan, así como asesorar aos distintos axentes do goberno rexional en materia de software libre e datos abertos. Ofrece, ademais, labores de asesoramento e difusión a outras administracións locais, así como ao sector privado e á cidadanía.

A Oficina conta co portal mancomun.gal como cara visible. Este portal web ten o obxectivo de servir como portal de referencia e aglutinador de todas as iniciativas sobre software libre que se están a desenvolver en Galicia.

Elaborado por: Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

© Xunta de Galicia.

Esta obra distribúese cunha licenza Creative Commons Atribución-Compartir igual 4.0 Internacional.

Para ver unha copia da licenza pulse [aquí](#).

Este informe está dispoñible no portal Mancomún.



MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

0 Balance

#empresa
#administración
#mancomún
#redes
#guías
#formación
#faladoiros
#podcast



+ 100
actuacións

22.900
horas de
formación

20.750
persoas

3



Empresa

O fomento do uso do Software Libre nas empresas é un dos ámbitos de actuación aos que a [Amtega](#) presta especial atención como medio para contribuír á mellora da eficacia e competitividade deste sector.

Ademais das actuacións coordinadas pola Oficina de Software Libre da Amtega, contouse tamén coa colaboración de [AGASOL](#) (Asociación de Empresas Galegas de Software Libre).



Colaboración con AGASOL



A Amtega contou un ano máis coa colaboración da Asociación de Empresas Galegas de Software Libre ([AGASOL](#)) na organización de actividades para achegar o software libre ao tecido empresarial galego.

A través do Convenio de colaboración con AGASOL, desenvolvéronse diversas actuacións, entre as que destacan:

- ✓ Actividades de **difusión** en torno ao servizo *cloud* de Mancomún.
- ✓ Difusión e posta en valor do software libre dentro do [Mapa de capacidades dixitais de Galicia](#).
- ✓ **Xuntanzas sectoriais** con asociacións e clusters para achegar o software libre.





Solucións CLOUD

O [GaiásTech Cloud](#) é un servizo que serve para achegar demostracións de solucións libres ao sector empresarial galego, unha das principais demandas identificadas no sector.

Este servizo dálle ás nosas empresas a oportunidade de probar solucións tecnolóxicas con licenza libre na nube durante un período de tempo. Deste xeito as empresas non deben preocuparse dos labores de instalación, configuración ou mantemento de ditas aplicacións, e poden centrarse na avaliación das funcionalidades da solución e da idoneidade da aplicación para o seu negocio.



Durante o ano 2023 déronse os pasos para mudar a localización deste servizo que pasará proximamente a estar integrado dentro dos servizos de [mancomun.gal](#), tamén se realizou unha análise e actualización das solucións actualmente dispoñibles para coordinalas coa demanda actual, así como a incorporación dunha nova solución ao **cloud de Mancomún**.





Empresa

Incentivar as prácticas InnerSource entre as empresas galegas

No 2023 iniciouse un proxecto que ten por obxectivo incentivar a adopción das boas prácticas, levadas a cabo nos proxectos de Software Libre, por parte das empresas galegas. Esta práctica coñécese como **InnerSource**.

Nesta primeira fase realizáronse varias actuacións orientadas a creación de material formativo en galego.

- ✓ Tradución ao galego de libros de referencia da fundación **InnerSource Commons**.
- ✓ Subtítulos en galego para vídeos formativos da mesma fundación.
- ✓ Elaboración de **2 cursos formativos**.






Difusión tecnolóxica en software libre para Pemes

Un demanda habitual das empresas galegas é a necesidade de coñecer alternativas de software libre que se poidan adaptar ás súas necesidades. Para isto, desenvolvéronse distintas actuacións para dar a coñecer solucións de software libre que poidan resultar de interese para as empresas, e continuouse a ofrecer o servizo de asesoramento sobre liberación de software, alternativas libres para o seu negocio, ou o apoio na procura de provedores galegos que oferten servizos sobre solucións libres.

Mantivose a publicación mensual dun [boletín informativo](#) con solucións libres empresariais que cubran necesidades básicas de xestión do día a día das Pemes, así como ligazóns a novas ou artigos de interese; a publicación de [artigos tecnolóxicos](#) sobre ferramentas libres para Android orientados á empresa, centrándose en dar a coñecer casos de éxito, novidades do sector, boas prácticas no uso de solucións libres, comparativas entre solucións alternativas...




Xoves, 14 Decembro 2023

Aplicacións libres para Android orientadas a empresa: xestor de arquivos

Nesta entrega analizaremos outra ferramenta fundamental coa que debemos contar nos nosos dispositivos, un xestor de arquivos e cartafolios. O Xestor de arquivos Simple Pro (da suite Simple Mobile Tools), é un xestor libre de arquivos e cartafolios rápido e profesional, para dispositivos Android. Con este xestor poderemos facer diferentes tarefas cos nosos ficheiros como [...]

#APLICACIONSLIBRESPARAANDROIDORIENTADASAEmpresa

VIDEO




Mércores, 15 Novembro 2023

Aplicacións libres para Android orientadas a empresa: element, plataforma segura de comunicación

Nesta entrega analizaremos element, unha plataforma segura de software libre para as comunicacións da nosa empresa ou para as nosas comunicacións persoais. Element está dirixido polos creadores de Matrix, o estándar aberto descentralizado para a comunicación en tempo real segura e soberana. Element é unha plataforma de código aberto e aloxamento flexible para permitir a [...]

#APLICACIONSLIBRESPARAANDROIDORIENTADASAEmpresa

VIDEO



Mércores, 11 Outubro 2023

Aplicacións libres para Android orientadas a empresa: Acceso a sistemas remotos con DWService

Nesta entrega veremos DWService, a sistemas remotos utilizando a parte do mundo, se necesitas a ou do traballo, podes iniciar o r e a través de DWService obterá de DWService – DWService [...]

#APLICACIONSLIBRESPARAANDR

VIDEO



Difusión tecnolóxica en software libre para Pemes

Durante o 2023 continuou alimentándose o catálogo de [Solucións TIC](#) do portal Mancomún engadindo novas solucións ata acadar un total de **182 solucións**.

Lembrar que cada unha das solucións neste apartado consta dunha breve descrición da plataforma ou do software en cuestión, entrevistas ou artigos relacionados publicados no portal se os houbera, ligazón á páxina do proxecto suxerido, ligazón á demo no *cloud* de Mancomún se existe, ademais doutras posibles ligazóns a sitios relacionados. Tamén se inclúe unha lista de fornecedores galegos da solución proposta obtida do [Mapa de capacidades dixitais de Galicia](#), punto de referencia da oferta tecnolóxica en Galicia.



Venres, 15 Decembro 2023

go.data

Go.Data é un programa para o rastreo de contactos e resposta a brotes epidémicos desenvolvido pola OMS en colaboración con socios da Rede Mundial de Alerta e Resposta ante Brotes Epidémicos (GOARN). Go.Data céntrase nos datos de casos e contactos, incluídos os datos de laboratorio, hospitalización e outras variables recollidas a través de formularios de investigación que poden [...]

ENLACE EXTERNO



Venres, 15 Decembro 2023

K-9 Mail

K-9 Mail é un cliente avanzado de correo electrónico de software libre para Android, centrado en facilitar o traballo con grandes volumes de correo electrónico. K-9 Mail está deseñado tanto para usuarios principiantes como avanzados e ofrece gran cantidade de funcións: soporte Push IMAP, GPG e PGP/MIME, notificacións por conta, bandeja de entrada unificada, tema branco e escuro [...]

ENLACE EXTERNO



Venres, 15 Decembro 2023

JavaScript

JavaScript (JS) é unha linguaxe de programación lixeira, interpretada, ou compilada, que se come con funcións de primeira clase. Conhecido como unha lingua de scripting (secuencias de comandos) para o navegador, é usado en moitas contornos web, como Node.js, Apache. JavaScript é unha linguaxe baseada en JavaScript [...]

ENLACE EXTERNO



Capacitación de profesionales TIC, estudos e informes

A formación continua é unha necesidade no ámbito empresarial, imprescindible para a mellora dos profesionais e o incremento da competitividade das empresas. Na oferta formativa en software libre, hai que salientar a formación ofertada polo [Centro de Novas Tecnoloxías de Galicia \(CNTG\)](#). Este centro trata de organizar a súa oferta formativa sempre en consonancia coa demanda de profesionais do mercado laboral e coma sempre, cunha forte presenza de solucións de software libre.

As novas edicións dos estudos do Observatorio da Sociedade da Información e Modernización de Galicia ([OSIMGA](#)) sobre a evolución do uso do [software libre nas empresas de Galicia](#) servirán de base para coñecer e responder o máis axeitadamente posible as necesidades das empresas galegas, definir novas actuacións e propoñer as medidas correctoras necesarias para incrementar a presenza do software libre no sector empresarial.

23
cursos

1.492
horas

578
persoas



Cidadanía

Outro dos eixos nos que se enfocan as actuacións de fomento e difusión do software libre dende a [Amtega](#) é a cidadanía. Neste ámbito a Amtega mantivo a colaboración cos diversos axentes do ecosistema galego do software libre, como as Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre (AGUSL), o Consorcio Interuniversitario de Galicia (CIXUG) e os Colexios Profesionais, para a organización de actividades de promoción de Software e Hardware Libre para diferentes colectivos da cidadanía. Destacando tamén as actuacións que se promoveron a través da [Rede CeMIT](#).



Colaboración coas AGUSL

A través da colaboración coas **Asociacións Galegas de Usuarios de Software Libre** apoouse o labor social e voluntario que estas asociacións veñen desempeñando a prol do fomento, desenvolvemento e implantación do software libre en Galicia.

A Amtega colaborou coas AGUSL na celebración de xornadas de divulgación, **obradoiros** e cursos de formación sobre software e hardware libre dirixidos á cidadanía; na elaboración de documentación en galego de forma que se facilite a formación sobre tecnoloxías libres na nosa lingua; no fomento e difusión da localización de **software libre ao galego** contribuindo así á normalización da nosa lingua nas TIC; na visibilización de Galicia nas comunidades de software e hardware libre a través da participación e organización de **conferencias de carácter nacional ou internacional** ou coa difusión de proxectos de interese social desenvolvidos na nosa comunidade; e finalmente no fomento do software libre en proxectos de **cooperación ou solidariedade social**.

+ 80
actividades

300 horas

2.750
persoas

12

Colaboración coas AGUSL e Colexios profesionais

Organización e participación en xornadas de referencia no sector como os GPUL School, a xornada usuarios R, a xornada Software Libre científico, o Scratch Day...



SCRATCH DAY 2023

X^o XORNADA DE USUARIOS DE R EN GALICIA

18 de OUTUBRO de 2023

SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.r-users.gal

1º LUGAR
Facultade de Matemáticas

> PATROCINA
AGENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA

> COLABORA
USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> ORGANIZA
MELISA GAL

Python

kata e almuerzo

Sábado 6 de maio de 10:30 a 12:00
no local da Industriosia
Rúa Barcelona 13, Baixo Esquerda. Vigo

Patrocina: XUNTA DE GALICIA

Organiza: INDUSTRIOSIA

Colaboran: Python Vigo, gradle, Cuobis

Prazas gratuitas e limitadas
Inscripción en www.meetup.com/aindustriosa

Máis información en www.aindustriosa.org e info@aindustriosa.org

KiCad

Obradoiro de iniciación a

Deseña e fabrica os teus PCB's

Sábado 20 de maio de 11:00 a 13:00
no local da Industriosia
Rúa Barcelona 13, Baixo Esquerda. Vigo

Patrocina: XUNTA DE GALICIA

Organiza: INDUSTRIOSIA

Colaboran: Cuobis, gradle

Prazas gratuitas e limitadas
Inscripción en www.meetup.com/aindustriosa

Máis información en www.aindustriosa.org e info@aindustriosa.org

Iniciación a Impresión 3D

Luns 24 de abril de 19:30 a 21:00
no local da Industriosia
Rúa Barcelona 13, Baixo Esquerda

Patrocina: XUNTA DE GALICIA

Organiza: INDUSTRIOSIA

Colaboran: Cuobis

Prazas gratuitas e limitadas
Inscripción en www.meetup.com/aindustriosa

Máis información en www.aindustriosa.org



Cidadanía



Colaboración coas AGUSL

Organización e participación en eventos de referencia no sector como a OSHWDem, esLibre, GeoCamp, FOSDEM, Atlántica Conf, HackUDC...



30 de Septiembre - Illa de San Simón

¡Un día para hablar de GIS!



FOSDEM'23

Brussels

4 & 5 February 2023

beer

open source

free software

lightning talks

devrooms

800+ talks

8000+ hackers

14



Congreso es **Libre**
Zaragoza, 12 y 13 de Mayo

Edición presencial y virtual

ATLÁNTICA CONF

22-23 Septiembre






Colaboración con CIXUG Fomento do Software Libre na Universidade



A través do Convenio de colaboración co Consorcio Interuniversitario de Galicia ([CIXUG](#)) desenvolvéronse unha serie de actuacións para continuar a impulsar a promoción e fomento do uso de software libre no ámbito universitario:

- ✓ **Premio ao mellor traballo universitario** con licenza libre.
- ✓ Servizos para a comunidade universitaria como o proxecto [DOCOMUN](#), un repositorio de modelos baseados en formatos abertos para elaboración de traballos universitarios, ou a [guía para a liberación de traballos universitarios](#). Así como a realización dunha [enquisa de coñecemento e uso de software libre](#) no ámbito universitario.
- ✓ Asesoramento, talleres e xornadas de **divulgación e puntos de información**.





Cidadanía

Posta en valor o papel da muller na tecnoloxía

Unha das accións máis positivas á hora de **incentivar a participación das mulleres no ámbito das STEM**, e en particular da tecnoloxía, é a de poñer en valor o papel de moitas mulleres que traballan nestes eidos, é dicir, **crear referentes**. Entre as accións realizadas neste 2023 destacamos:


- ✓ A publicación dunha **infografía** cunha muller referente (de actualidade), de xeito mensual no portal Mancomún, creando así un panel de mulleres referentes.
- ✓ A publicación de 3 **Faladoiros Mancomún**, centrados en falar con grupos de mulleres organizadas que teñen por misión poñer en valor o seu traballo en tecnoloxía e axudar a moitas outras.
- ✓ A apertura de liñas de colaboración con diferentes colectivos para realizar actividades conxuntas.

Mulleres en Tech

Entrevista a Cris Pampín

Elas programan, elas deseñan





Cidadanía

Rede CEMIT



+ 750
cursos

18.500
horas

7.200
persoas

A rede de aulas [CeMIT](#) repartidas por toda Galicia é un dos piares fundamentais para achegar a tecnoloxía e a capacitación dixital á cidadanía. Dende a Oficina de Software Libre continuouse a prestar apoio á rede CeMIT para aumentar os recursos formativos en software libre.

Este ano ademais, o proxecto [Enredando](#), en colaboración coa Cruz Vermella, realizou diversas actividades en varias localizacións repartidas por toda Galicia, co obxectivo de incentivar o uso da tecnoloxía entre diferentes colectivos.



Administración

No eido da administración pública, as principais liñas de actuación consistiron en manter a aposta pola reutilización de software libre para o desenvolvemento de novos servizos, mediante o asesoramento e a difusión entre os responsables TIC de casos de éxito doutras administracións públicas; a difusión dos casos de éxito propios fóra da nosa comunidade; así como o fomento da publicación e liberación de novas solucións de software desenvolvidas pola Xunta de Galicia.




Publicación de Software Libre

Cumpriuse o obxectivo da **publicación con licenza libre** de polo menos un novo proxecto desenvolvido pola Xunta de Galicia, seleccionado en base á súa potencial reutilizabilidade.

Durante o ano 2023 déronse os pasos para a posta en marcha dun novo **repositorio de software libre**, baseado no software **GitLab**, para publicar o software liberado pola Xunta de Galicia e mellorar as ferramentas colaborativas.

A Oficina de Software Libre da Amtega mantivo o servizo de **apoio aos responsables de proxectos para a liberación de calquera recurso**, sexan contidos ou software. Encargándose de realizar a análise do código dos desenvolvementos co obxectivo de verificar que estean libres de fragmentos e dependencias con software non libre, e polo tanto certificar que é posible a súa liberación, así como indicar as condicións en que se pode proceder á mesma.





Administración

Guía de Boas Prácticas para Liberación de Contidos e Software

Despois da publicación no ano 2022 da nova [Guía de Boas Prácticas para Liberación de contidos e software](#) e trala repercusión acadada, durante o ano 2023 incorporáronse novos contidos, e realizáronse diferentes actividades de difusión sobre a mesma.

Atendéronse diversas consultas relacionadas coa escolla de licenzas libres para contidos, analizando e asesorando en cada caso sobre a mellor opción e como aplicala.

Guía de boas prácticas para liberación de contidos e software



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA

Diferenza entre obra derivada e inspiración

A inspiración non mantén o vínculo entre o traballo anterior e o traballo resultante, ao contrario que as obras derivadas.

Poderían partir dunha idea parecida, pero a execución da obra dá resultados distintos, como podemos ver na seguinte imaxe.



Fanart de harley quinn



Inspiración



Copia

Liberación do proxecto en fase de produción.

Por outra banda poderá facerse tamén durante a fase de produción do software, ben porque quírase controlar o desenvolvemento do software de maneira estrita, ben porque o desenvolvemento ía ser, orixinalmente, un software privativo.

Entre as vantaxes temos:

Evitamos posibles fork do proxecto en desenvolvemento.

- É máis doado manter o foco sobre os fitos do proxecto.
- Maior control dos tempos de desenvolvemento do proxecto.
- Control sobre a imaxe e percepción externa do proxecto
- Vantaxe na explotación comercial.

Como retos teremos que achegar maiores recursos ao executar case todo o desenvolvemento, crear unha comunidade unha vez liberemos o desenvolvemento. Para poder crear a comunidade a posteriori teremos que elixir unha licenza que resulte atractiva á comunidade, definir a documentación para usuarios e desenvolvedores, así como, facer publicidade do proxecto e manter abertos canles de comunicación.

Desde o punto de vista legal, o reto principal radica

na obtención de toda a información e nunha posible incompatibilidade das licenzas, entorpecendo a última fase de desenvolvemento e liberación do software ou mesmo requirindo modificacións ou substitución de compoñentes do software.





Fomento da reutilización

A Oficina de Software Libre da Amtega continuou realizando unha difusión periódica de solucións e de casos de éxito de implantación de Software Libre noutras administracións públicas a través do [boletín en materia de reutilización](#) destinado aos responsables TIC da Xunta de Galicia, e dispoñible para calquera outra administración pública e para a cidadanía en xeral a través do portal mancomun.gal.

Durante o ano 2023 traballouse na renovación do formato do boletín de Software Libre na Administración

Administración



MANCOMÚN
INICIATIVAS SOBRE
SOFTWARE LIBRE EN GALICIA

Xuño 2023

Boletín de Software Libre na Administración



NÚMERO 95



Novos servizos de software libre en Bratislava



O Concello de Ames e Agasol lanzan unha Oficina de Software Libre e un Banco de Reciclaxe Electrónica



Portal Federal de desenvolvemento de Alemaña

[Ler máis](#)



A Casa E Linux Fo xúntanse para a seguridade



Asesoramento sobre ferramentas libres e estándares abertos



Mantívose o **servizo de asesoramento** en materia de Software Libre e reutilización aos diferentes departamentos da Xunta de Galicia, para atender as consultas para a identificación de alternativas en software libre que cubran unha necesidade concreta, elaborar análises de cláusulas de licenciamiento ou propiedade intelectual a incluír nas contratacións TIC, realizar informes sobre a madurez dunha solución libre preidentificada ou identificar posibles melloras no soporte de estándares nos servizos de administración electrónica entre outras.

Ademais, a Oficina de Software Libre mantivo unha vixilancia proactiva para garantir que as ferramentas de e-Administración para a comunicación coa cidadanía e as empresas cumpren co principio de non discriminación por escolla tecnolóxica.





Administración

Formación en Software Libre para o empregado público

A formación e capacitación dos empregados públicos en materia de software e cultura libres é crucial para o éxito do fomento do uso e implantación de software libre na administración pública.

O Plan Formativo Ofimático de Galicia, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ([EGAP](#)), contempla a programación de accións formativas no ámbito de competencias en materia de ofimática orientadas á posterior obtención do Certificado en Competencias Dixitais ComDix, coa convocatoria de máis de 1.000 prazas na modalidade de teleformación en ferramentas de software libre.

Por outra parte, o [Plan anual de formación do profesorado](#) dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, conta con multitude de accións formativas e de acompañamento á implantación e desenvolvemento de Edixgal nos centros educativos, como por exemplo cursos básicos do contorno e equipamento ABALAR, entre outros.

70
cursos

2.650
horas


9.900
persoas

23





Mancomún




O portal mancomun.gal mantívose como o portal público de referencia na difusión de software libre en Galicia. Nel, a Oficina de Software Libre da Amtega recolleu as novas e a actualidade do ecosistema galego, ademais de servir de canle a través da que se deu conta das actuacións promovidas pola Amtega para o fomento do software libre na comunidade.

A través do portal reforzáronse outras actuacións que se veñen levando a cabo para a difusión do software libre entre a cidadanía, incorporando novos medios de difusión e potenciando a elaboración de material audiovisual, que complementa as outras liñas de actuación, como entrevistas, videotutoriais, pímulas informativas ou reportaxes sobre eventos.



Nova imaxe do portal mancomun.gal

Mancomún





Difusión de software libre

A través do portal Mancomún reforzouse a difusión de información de actualidade do Software Libre en Galicia, coa publicación de case **300 novas** ao longo do ano.

Tamén se colaborou na organización de encontros como a xornada de [Software libre para xerar simulacións virtuais](#), ou na impartición de obradoiros, como os realizados no encontro [Rural Youth Europe Creative Jam](#) organizado pola Asociación Amigos en Boiro.

Proxectos de Intelixencia Artificial libres



**RURAL
YOUTH
OF EUROPE**

**PROTOTYPES FROM
THE ICJ OF BOIRO**

ENCONTROS DE TECNOLOXÍAS INNOVADORAS

Software libre

28 de novembro de 9:30 a 11:30 h · Modalidade en l



Podcast

O [Podcast de Mancomún](#), que tan boa acollida tivo dende o seu lanzamento, seguíu presente coa realización de dous programas mensuais, tocando temas diversos do software libre e facendo series especiais de programas dedicados a tecnoloxías e temáticas concretas.

21 programas

+ 16.500
reproduccións

Subscripción aos canles do podcast







Mancomún

Faladoiros

Charlas en formato vídeo-podcast, onde tanto as condutoras das conversas como as participantes son mulleres do mundo tecnolóxico.





Redes e servizos

A Amtega pon a disposición de toda a cidadanía outros servizos en materia de Software Libre como son o [Repositorio Documental de Software Libre](#) e o [Repositorio de Software Libre de Galicia](#).

Así, a cidadanía pode solicitar a publicación de calquera material formativo ou divulgativo sobre software libre con formato aberto, licenza libre e en lingua galega no Repositorio Documental, que durante o 2023 foi renovado e ampliado e xa conta con máis de **330 entradas**. En canto ao repositorio de Software Libre, trátase dun servizo ofrecido para que poida ser empregado como ferramenta de desenvolvemento de proxectos de software con licenza libre, que será empregado pola propia administración para a liberación dos seus propios proxectos. Durante o 2023 traballouse na migración da actual Forxa a un novo servizo baseado no software **GitLab**.

Neste ano consolidáronse as novas canles de redes sociais para Mancomún (Twitter, mastodon e Youtube), con novos tipos de contidos para diversificar aínda máis a oferta de difusión, chegando a novos públicos.

Síguenos nas redes sociais



Balance Plan de Acción Software Libre 2023



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA